

# ESTRATEGIA DE EMPREGO PARA A MOCIDADE NA EURORREXIÓN GALICIA - NORTE DE PORTUGAL



**CC OO - Galicia**  
Calle Miguel Ferro Caaveiro, 8  
15707-Santiago de Compostela  
Tel: 981551800  
Fax: 981551801  
Web: <http://www.galicia.ccoo.es>



**UGT - Portugal**  
Rua Cândido dos Reis, nº 74, 3º  
Frente  
4000-055 Porto  
Tel. 222081131 Fax. 222081142  
E-mail: [porto@ugt.pt](mailto:porto@ugt.pt)



**CGTP-IN**  
Rua dos Biscainhos, 81 a 87  
4710 -415 Braga  
Tel. 253 217 867/8  
Fax. 253 217 877  
E-mail: [usbraga@gmail.com](mailto:usbraga@gmail.com);  
[inf.usbraga@gmail.com](mailto:inf.usbraga@gmail.com)



**UGT - Galicia**  
R/ Miguel Ferro Caaveiro, 12-3º  
15707 Santiago de Compostela  
Tlf.: 981 577 171  
Fax: 981 599 438  
E-Mail: [ugt@galicia.ugt.org](mailto:ugt@galicia.ugt.org)

## CONTIDO

INTRODUCCIÓN.....	2
I. DELIMITACIÓN DA ZONA E OBXECTO DO ESTUDIO.....	3
II. ESCENARIO ECONÓMICO.....	4
III. POBOACIÓN.....	10
IV. MERCADO LABORAL.....	16
V. OCUPACIÓNS E SAÍDAS PROFESIONAIS.....	36
V.1. OCUPACIÓNS E AFILIACIÓNS.....	36
V.2. SAÍDAS PROFESIONAIS PRIORITARIAS.....	50
V.3. ACTIVIDADES E OCUPACIÓNS Galicia - Norte de Portugal.....	61
VI. INSERCIÓN LABORAL POR ESTUDIOS.....	63
VII. AVALIACIÓN DAS POLITICAS PÚBLICAS DIRIXIDAS Á MOCIDADE.....	80
VIII. ANÁLISIS DAFO Galicia/Norte Portugal.....	87
IX. OBXECTIVOS E MEDIDAS.....	89

## INTRODUCCIÓN

A presente Estratexia foi realizada pola organización que preside este período o CSIr, Unión Xeral de Traballadores de Galicia. Sendo o Gabinete Económico de UGT Galicia o encargado da súa elaboración, durante un longo proceso de participación, coordinado por Teresa Ventín, con numerosas reunións, peticións de información e incorporación das distintas aportacións das organizacións que integran o CSIr, así como de datos estatísticos que se foron solicitando aos institutos encargados da estatística en ambas rexións.

A principal dificultade que xurde á hora de facer o documento é a de atopar estatísticas por tramos de idade coincidentes ca poboación moza, a homoxenización das estatísticas entre ambas rexións, con Plans estatísticos diferentes ao pertencer a distintos países e distintas prioridades estatísticas.

A principal política dirixida á mocidade é a Iniciativa Emprego Mozo (IEJ) acordada polos Estados Membros da Unión Europea, en 2013 como resposta ao agravamento do desemprego da mocidade trala crise financeira internacional de 2007-2008. As políticas dirixidas á mocidade da UE marcan a idade máxima en 29 anos, polo que é a idade límite utilizada para definir a Estratexia, sen embargo en función da variable utilizada tivemos que recurrir aos 25 anos, e noutros casos, aos 34 anos por no dispoñer de estatística referida ao tramo de idade de referencia, igualmente no caso da idade inicial utilízase a de 15 ou 16 anos segundo a variable analizada.

É preciso resaltar a colaboración dos Institutos de estatística que elaboraron estatísticas específicas para esta Estratexia, por non estar elaboradas previamente, pero que nos parecían moi útiles, o que resulta novidoso e de gran interese para as persoas mozas, pola información estatística que ofrecen sobre o emprego creado por ramas de actividade e o grado de relevo xeracional da mocidade, e que mostran as oportunidades que ofrece o mercado laboral.

## I. DELIMITACIÓN DA ZONA E OBXECTO DO ESTUDIO

A Estratexia de Emprego da Mocidade centrarase na Eurorrexión Galicia - Norte de Portugal que constitúe unha das máis antigas estruturas de cooperación no ámbito europeo.

Esta estratexia debe servir de base para traballar de maneira conxunta, mediante mecanismos de colaboración preferentemente, dada a súa proximidade, nas dúas rexións para acadar unha maior riqueza que permita dotar á mocidade (persoas do tramo de idade comprendido entre os 15 e 29 anos) de maiores empregos de calidade e así superar as elevadas cifras de desemprego e inactividade da poboación comprendida nesas idades.



Fonte: [www.researchgate.net](http://www.researchgate.net)

## II. ESCENARIO ECONÓMICO

En termos de Produto Interior Bruto (en diante, PIB) a prezos correntes, a Eurorrexión Galicia - Norte de Portugal xera, no ano 2021, unha produción de 127.957 millóns de euros. Analizando o período comprendido entre os anos 2012 e 2021, no primeiro dos anos do período, o 2012, o PIB galego superaba ao do Norte de Portugal en 5.174 millóns de euros, situándose na primeira rexión en 53.435 millóns de euros.

Esta primacía vai cambiar froito das distintas velocidades na evolución das dúas rexións, producíndose como resultado, dentro da Eurorrexión Galicia - Norte de Portugal, un acercamento no volume do PIB.

A partires do ano 2013 e seguintes, a Eurorrexión caracterízase por crecementos sostidos da produción ata o ano 2019, e a partir dese ano impacta de maneira inesperada e profunda o COVID-19, cunhas consecuencias devastadoras tanto no ámbito sanitario

como no económico. Nos dous escenarios prodúcese un retroceso do PIB, no Norte pérdese nun ano un importe de 1.665 millóns de euros e en Galicia 5.052 millóns de euros. A crise económica ligada á pandemia afectou de maneira máis intensa en Galicia que no Norte de Portugal.

Finalmente, o resultado deste período tan irregular mostra un ano 2021 no que a Eurorrexión aparece liderada pola economía do Norte de Portugal cun PIB de 64.709 millóns de euros, superando á economía galega en 1.461 millóns de euros.

Un indicador sintético da produtividade ou desenvolvemento económico dun territorio é o PIB per cápita, indicador que relaciona a produción ca poboación necesaria para xerala. Nesta variable Galicia mostra unha maior produtividade que na zona Norte de Portugal ao longo de todo o período.

En termos de PIB per cápita, no ano 2012, Galicia ostentaba un PIB per cápita de 19.320 euros por habitante, no Norte de Portugal de 13.150 euros por habitante, a distancia situase en 6.170 euros. Nove anos despois, Galicia sigue superando ao Norte de Portugal, pero as distancias vense acortadas, son 5.340 euros de diferenza en PIB per cápita entre Galicia e o Norte de Portugal.

#### PIB e PIB per cápita

	Norte de Portugal				Galicia			
	2012	2019	2020	2021	2012	2019	2020	2021
PIB (millóns de euros, prezos correntes)	48.261	62.244	60.579	64.709	53.435	63.758	58.706	63.248
PIB per cápita (euros)	13.150	17.710	16.970	18.170	19.320	23.620	21.750	23.510

Fonte: Observatorio transfronterizo Galicia- Norte de Portugal IGE a partires de INE. Estadística sobre las actividades en I+D, Contabilidad Regional de España, Contabilidad Nacional de España Ministério da Educação e Ciência - Direção-Geral de Estatísticas de Educação e Ciência, Potencial científico e tecnológico nacional (sector institucional e sector empresas)

Ademais do PIB e do PIB por habitante, un dos indicadores máis importantes do grado de desenvolvemento dunha economía é o gasto en I+D. Este gasto é un elemento clave na competitividade dunha zona económica.

Os gastos internos totais en I+D no ano 2017 no Norte de Portugal ascendían a 863.023

miles de euros, cantidade moi superior á dedicada en Galicia, que ascendía a 571.657 miles de euros. No ano 2020 o gasto en I+D no Norte situase en 1.098.016 miles de euros e en Galicia en 641.680 miles de euros. As distancias en investimento agrúndanse entre os dous escenarios.

A descomposición do investimento no Norte de Portugal concéntrase preferentemente nas empresas con 656.437 miles de euros, seguido polo Ensino Superior con 378.547 miles de euros, o Estado con 51.329 miles de euros, e, finalmente, as Institucións sen fins de lucro con 11.703 miles de euros. En Galicia o sector empresarial encabeza tamén o gasto interno en I+D con 356.957 miles de euros, seguido do sector de Ensino Superior cun total de 240.077 miles de euros e finalmente o Sector da Administración Pública con 100.449 miles de euros.

Ao comparar o gasto en I+D en relación ao PIB de cada rexión, o Norte de Portugal tamén presenta mellores indicadores, os datos do ano 2020 ofrécenos un gasto en I+D en relación ao PIB do 1,82% fronte ao 1,10% que representa en Galicia.


Paralelamente, e en consonancia a un maior gasto en I+D, a rexión Norte de Portugal ten máis efectivos en equivalencia a xornada completa dedicados a esas actividades de investigación que Galicia. Así, no ano 2017, un total de 18.504 persoas traballaban nesa área do Norte de Portugal e en Galicia facían 10.266 persoas. Na rexión Norte de Portugal a proporción de persoas que se dedica a I+D dentro do total da poboación activa é do 13,1% (ano 2020).

### Gasto en I+D e persoal

	Norte de Portugal			Galicia		
	2017	2019	2020	2017	2019	2020
Gastos internos totais en I+D (miles de euros)	863.023	971.315	1.098.016	571.657	627.329	641.680
Gasto I+D % PIB	1,5%	1,53%	1,82%	0,94%	0,99%	1,10%
Persoal en I+D (equivalencia a xornada completa)	18.504	21.204	24.049	10.266	11.085	10.774


Fonte: Observatorio transfronterizo Galicia- Norte de Portugal IGE a partires de INE. Estadística sobre las actividades en I+D, Contabilidad Regional de España, Contabilidad Nacional de España Ministério da Educação e Ciência - Direção-Geral de Estatísticas de Educação e Ciência, Potencial científico e tecnológico nacional (sector institucional e sector empresas)

## Gasto en I+D Norte de Portugal



Fonte: Observatorio transfronterizo Galicia- Norte de Portugal IGE a partires de INE. Estadística sobre las actividades en I+D, Contabilidad Regional de España, Contabilidad Nacional de España Ministério da Educação e Ciência - Direção-Geral de Estatísticas de Educação e Ciência, Potencial científico e tecnológico nacional (sector institucional e sector empresas)

## Gasto en I+D en Galicia



Fonte: Observatorio transfronterizo Galicia- Norte de Portugal IGE a partires de INE. Estadística sobre las actividades en I+D, Contabilidad Regional de España, Contabilidad Nacional de España Ministério da Educação e Ciência - Direção-Geral de Estatísticas de Educação e Ciência, Potencial científico e tecnológico nacional (sector institucional e sector empresas)



Outro elemento seleccionado para ofrecer unha diagnose da Eurorrexión é o sector industrial, sector con efectos multiplicadores sobre o resto dos sectores da economía e, sen dúbida, un sector que ofrece unha alta calidade e estabilidade no emprego, como así se pode comprobar nas estatísticas dispoñibles, unido a que se trata dun sector con grandes posibilidades de emprego para a mocidade polo cambio tecnolóxico e enerxético e de sostenibilidade que está a experimentar.

Observamos que a “Industria” presenta fortes diferencias entre as zonas da Eurorrexión, non só polo peso do Valor Engadido Bruto (VEB) deste sector, senón tamén polo emprego industrial en cada escenario. A “Industria manufactureira” en Galicia representa o 11% do PIB galego e engloba o 13% do emprego do total da economía.

Cos datos extraídos do Observatorio Transfronteirizo Galicia - Norte de Portugal, do Instituto Galego de Estatística, que recolle a poboación ocupada por sectores de actividade, en ambos escenarios, para o ano 2020, a ocupación do sector industrial, incluíndo a rama de enerxía, no Norte de Portugal representa o 26% do total de sectores fronte ao 16,7% de Galicia.

Desagregando o emprego industrial por ramas, na Eurorrexión constátase unha localización preferente en todas as ramas de actividade no Norte de Portugal, cun claro desequilibrio na ubicación do emprego. Tan só na rama da “Industria de alimentación, bebidas e tabaco” prodúcese un equilibrio nas rexións, con 31.303 efectivos no Norte de Portugal e 34.565 efectivos en Galicia. O resto das ramas están localizadas preferentemente no Norte de Portugal, destacando a “Industria do coiro e do calzado” por englobar o Norte o 99,2% do emprego da Eurorrexión e a “Industria téxtil, roupa de vestir” o 92% da Eurorrexión.

### Persoas ocupadas nas ramas industriais

Ano 2020

	Norte de Portugal	Galicia
Industrias extractivas, enerxía, auga e residuos	(x)	12.657
Industria da alimentación ,bebidas e tabaco	31.303	34.565
Industria téxtil, roupa de vestir	110.453	9.713
Industria do coiro e do calzado	42.031	332

Industria da madeira e da cortiza, salvo mobles; cestaría e espartaría	16.244	8.063
Industria do papel, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	(x)	4.341
Industria química, farmacéutica, do caucho e plásticos / Fabricación de produtos químicos, farmacéuticos e de artigos de borracha e de materias plásticas.	22.644	6.157
Fabricación de produtos minerais non metálicos,	11.259	6.314
Metalurxia, electrónicos, óptico, etc.	98.958	47.921
Outras industrias manufactureiras Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	34.431	14.904

(x) Segredo estatístico

Fonte: Observatorio Transfronteirizo Galicia- Norte de Portugal IGE a partires de INE. Estadística estrutural de Empresas: sector industrial. INE, I.P., Sistema de Contas Integradas das Empresas

Un indicador social que fixa a “Estratexia de Europa 2020” é a taxa de risco de pobreza e exclusión social que no caso de Galicia presenta na mocidade valores moi elevados.

Na “Enquisa estrutural a fogares” do Instituto Galego de Estatística obsérvase que no ano 2020 o 24,13% dos mozos e mozas comprendidos entre as idades de 16 a 24 anos están en risco de pobreza ou exclusión social segundo a Estratexia Europa 2020. A continuación segue o tramo de idade de 0 a 15 anos cun 22,51%, ambos cun nivel moi superior de risco de pobreza ao resto das idades. Igualmente constátase a evolución negativa da taxa, no ano 2008 o 16,25% dos mozos e mozas de 16 a 24 anos estaban en risco de pobreza ou exclusión social, empeorando no último ano analizado que ascende ao 24,13%.

Obsérvase así unha maior pobreza e exclusión social para as persoas mozas, que está repercutindo gravemente nelas, de modo que as condicións de vida destas sexan peores que as que tiñan as persoas de dita idade fai 12 anos, e tamén que son moito peores que as condicións de vida do resto de idades.

#### Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020). Galicia por idades. (%)

	De 0 a 15	De 16 a 24	De 25 a 49	De 50 a 64	De 65 ou máis	Total
<b>2008</b>	15,21	16,25	10,15	13,32	19,11	13,88
<b>2013</b>	21,41	25,06	16,97	16,17	10,83	16,57
<b>2019</b>	19,54	21,78	14,15	15,12	12,62	15,23
<b>2020</b>	22,51	24,13	17,12	14,41	10,81	16,11

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares

Nota: a taxa de risco de pobreza é a porcentaxe de persoas cun ingreso equivalente inferior ao limiar de risco de pobreza de Galicia,

*que se establece no 60% da mediana de ingresos equivalentes.*

Da taxa de pobreza ou exclusión social por idades non se dispuxo de datos do Norte de Portugal para datos anteriores ao ano 2018, e para datos posteriores ao ano 2018 os datos rexionais de NUT II e grupo etario de 16 a 24 anos non son fiables, segundo a resposta do INE de Portugal en contestación a nosa petición de información.

Outra variable destacada é que segundo a “Enquisa estrutural a fogares” do Instituto Galego de Estatística o 64,10% dos mozos e das mozas viven cos seus pais no ano 2020, mentres que no ano 2008 o facía o 59,64%. A situación laboral caracterizada por empregos de baixos salarios, temporalidade, parcialidade e desemprego constitúe un gran obstáculo á hora de emanciparse. Outro factor que incide de maneira moi negativa á hora de emanciparse é o acceso á vivenda nas dúas vertentes, aluguer ou propiedade.

A elevada inflación 5,7% (dato a decembro do ano 2022) afecta de maneira máis especial á mocidade, cuxos empregos son precarios, con baixos salarios en moitos sectores e, polo tanto, con maiores dificultades para chegar a fin de mes e poder emanciparse.

### III. POBOACIÓN

#### **Evolución da poboación do tramo de idade de 15 a 29 anos**

Para interpretar o mercado laboral na mocidade é preciso coñecer previamente o comportamento da poboación. A evolución da poboación en idade de traballar, nas idades comprendidas entre os 15 e os 29 anos, en Galicia, mostra un acusado descenso nun período corto de tempo, pasando dunha poboación de 488.330 persoas no ano 2008 a 341.646 persoas no ano 2021. Son 146.684 persoas menos nese corto período de tempo, pérdense un 30% dos efectivos poboacionais.

Ao detallar máis aínda por tramos de idade, o maior descenso prodúcese no tramo de 25 a 29 anos, ao pasar de 206.261 persoas no ano 2008 a 119.725 persoas no ano 2021, son 86.536 persoas menos, un descenso do 42%. Unha parte desta diminución débese ao

cambio natural da poboación, e tamén esta perda de poboación é debida a emigración da mocidade pola falta de oportunidades do mercado laboral, polo que se van a outras comunidades ou ao estranxeiro.

#### Evolución da Poboación de Galicia por Tramos de Idade

	2008	2013	2019	2020	2021
Poboación 15 a 19 anos	126.385	107.366	108.562	110.943	112.139
Poboación 20 a 24 anos	155.684	127.787	108.128	108.606	109.782
Poboación 25 a 29 anos	206.261	156.055	124.766	122.375	119.725
<b>Poboación de 15 a 29 anos</b>	<b>488.330</b>	<b>391.208</b>	<b>341.456</b>	<b>341.924</b>	<b>341.646</b>

Fonte: IGE. Padrón de Habitantes

Segundo o Padrón de españois residentes no estranxeiro (PERE) no ano 2022 había un total de 84.204 galegas e galegos de 15 a 29 anos residentes no estranxeiro.

Realizando a análise demográfica da mocidade no Norte de Portugal, obsérvase un comportamento diferente con respecto a Galicia. Así, a poboación relativa no tramo de idade da mocidade é moito máis numerosa que no caso galego, 1,7 veces máis, cando a poboación total no Norte e 1,3 veces máis que a poboación total galega, o que mostra unha poboación moito menos envellecida no primeiro caso.

A poboación entre 15 e 29 anos pasa de 701.424 habitantes no primeiro ano analizado, 2008, a 574.531 habitantes no ano 2021, perde o 18,09% da poboación deste tramo de idade, descenso moito menos pronunciado que en Galicia.

Desagregando dentro da poboación moza o maior descenso prodúcese nas idades comprendidas entre 24 e 29 anos, que de ter un total de 256.293 persoas no ano 2008 pasa a 192.157 persoas no ano 2021, en termos relativos un descenso do 25%. A continuación, está a poboación entre os 15 e 19 anos que pasa de 218.888 persoas no ano 2008 a 182.149 en 2021, o 16,8% de descenso e, por último, a comprendida entre 20 a 24 anos que diminúe o 11,5%.

#### Evolución da Poboación da rexión Norte de Portugal por Tramos de Idade

	2008	2013	2019	2020	2021
Poboación 15 a 19 anos	218.888	205.245	193.356	187.034	182.149
Poboación 20 a 24 anos	226.243	208.950	202.305	204.760	200.225
Poboación 24 a 29 anos	256.293	211.570	199.661	199.070	192.157
<b>Poboación 15 a 29 anos</b>	<b>701.424</b>	<b>625.765</b>	<b>595.322</b>	<b>590.864</b>	<b>574.531</b>

Fonte: INE Portugal. Estimativas anuais da população residente

A poboación a quen vai dirixida a Estratexia de Emprego da Eurorrexión Galicia - Norte de Portugal ascende a un total de 916.177 persoas entre os 15 e os 29 anos entre as dúas rexións Norte de Portugal e Galicia.

### Pirámides de poboación

As pirámides de poboación mostran as diferencias entre os dous escenarios segundo o “Informe de indicadores del mercado laboral en la Eurorregión Galicia – Norte de Portugal 2022” elaborado pola Confederación de Empresarios de Galicia – Eures, que mostra a poboación residente por idades e a pirámide de poboación, tanto en Galicia como no Norte de Portugal, para o ano 2021.

#### – Norte de Portugal

Se superpuxéramos as dúas pirámides de poboación observaríase que o Norte de Portugal ten maior poboación nas idades máis temperás, polo que a base da pirámide é máis ancha que no caso galego. No Norte de Portugal a poboación comprendida entre 0 e 4 anos representa o 3,7% do total da poboación (3,2% en Galicia) a medida que aumenta a idade aumenta o peso poboacional no Norte de Portugal.

As franxas de idades con efectivos poboacionais máis numerosos están comprendidos entre os 40 e 65 anos, poboación en idade laboral, e dentro desa franxa de idade, a de 45 a 49 anos é a que engloba maior poboación supoñendo o 7,8% do total de idades.

A medida que descendemos nos tramos de idade, descende tamén en importancia cuantitativa a poboación, pero de maneira <sup>13</sup>menos acusada que en Galicia, é dicir, a

mocidade representa no Norte de Portugal valores máis elevados que en Galicia. Así, o tramo de 20 a 24 anos supón o 5,6% da poboación do Norte de Portugal e en Galicia o 4,07%.


A mocidade de 15 a 29 anos na rexión Norte de Portugal suma 574.531 habitantes, o 16,02% da poboación total. En Galicia a poboación de ese tramo de idade suma 341.646 habitantes e representa o 12,67% da poboación total. A mocidade ten unha importancia cuantitativa moi superior na rexión do Norte de Portugal que en Galicia.

**Poboación residente na Rexión Norte de Portugal por idade no 2021**

Tramos de idade	Ambos sexos	Homes	Mulleres
0 - 4 Anos	132.654	68.107	64.457
5 - 9 Anos	140.665	72.195	68.470
10 - 14 Anos	162.712	83.603	79.109
15 - 19 Anos	182.149	93.173	88.976
20 - 24 Anos	200.225	102.239	97.986
25 - 29 Anos	192.157	97.179	94.978
30 - 34 Anos	195.307	96.739	98.568
35 - 39 Anos	217.372	105.475	111.897
40 - 44 Anos	253.156	121.192	131.964
45 - 49 Anos	280.821	134.336	146.485
50 - 54 Anos	272.206	128.961	143.245
55 - 59 Anos	275.409	129.325	146.084
60 - 64 Anos	259.543	121.409	138.134
65 - 69 Anos	234.327	108.418	125.909

70 - 74 anos	205.018	93.382	111.036
75 - 79 anos	156.476	68.072	88.404
80 - 84 anos	114.575	46.736	67.839
85 e máis anos	113.110	38.486	76.624

Fonte: Informe de indicadores del mercado laboral en la Euroregión Galicia – Norte de Portugal 2022  
Confederación de Empresarios de Galicia – Eures



Fonte: Informe de indicadores del mercado laboral en la Euroregión Galicia – Norte de Portugal 2022  
Confederación de Empresarios de Galicia – Eures

## – Galicia

A pirámide de poboación de Galicia mostra unha poboación moi envellecida ao estreitarse cada vez máis a base da pirámide nos tramos de menores idades. Establecendo unha comparación ca pirámide poboacional do Norte de Portugal presenta menores efectivos nos tramos poboacionais inferiores relativos a menores de 34 anos.

Presenta unha ruptura poboacional que ven dada polo estreitamento abrupto dos menores de 35 e 39 anos, polo descenso da natalidade. A pirámide continúa cun descenso superior para o tramo de idade comprendido entre 30 e 34 anos e máis pronunciado nos grupos seguintes, alcanzando o maior descenso na poboación menor de 5 anos, representando tan só o 3,2% do total de poboación e o segundo grupo máis reducido de poboación, excepto o de 85 a 89 anos.

Dous factores conxúganse para o descenso de natalidade, por un lado o cambio social da propensión a ter menor descendencia e, por outro, e de maneira moi acusada, a emigración da poboación en idade fértil.

Os grupos de idade máis numerosos son os de 40 a 44 anos, de 45 a 49 anos, de 50 a 54 anos, e de 55 a 59 anos, duplicando os tramos dos menores de 30 anos.

Dentro deles o grupo poboacional máis numeroso é o comprendido entre os 45 a 49 anos, son 222.019 persoas en Galicia, representan o 8,2% da poboación total.

A mocidade que reside en Galicia que abarca os tramos comprendidos entre 15 e 29 anos engloba a un total de 341.646 persoas, a característica máis destacable é que cada tramo da mocidade é practicamente a metade que nos tramos de 40 a 65 anos, circunstancia que non ocorre no Norte de Portugal, onde as diferencias entre tramos de idades son moi inferiores.


**Poboación residente en Galicia por idade no 2021**

Tramos de idade	Ambos sexos	Homes	Mulleres
0-4 Anos	87.303	44.860	42.443
5-9 Anos	105.950	54.775	51.175
10-14 Anos	117.409	60.401	57.008
15-19 Anos	112.139	57.570	54.569
20-24 Anos	109.782	56.231	53.551
25-29 Anos	119.725	60.879	58.846
30-34 Anos	136.721	68.558	68.163
35-39 Anos	173.078	86.587	86.491
40-44 Anos	221.129	110.159	110.970
45-49 Anos	222.019	110.339	111.680
50-54 Anos	211.279	103.651	107.628
55-59 Anos	197.262	95.682	101.580
60-64 Anos	187.709	90.253	97.456
65-69 Anos	165.433	78.784	86.649



<b>70-74 Anos</b>	157.402	72.653	84.749
<b>75-79 Anos</b>	134.509	59.478	75.031
<b>80-84 Anos</b>	100.353	40.598	59.755
<b>85-89 Anos</b>	85.712	30.972	54.740
<b>90 e máis anos</b>	50.731	14.871	35.860

Fonte: Informe de indicadores del mercado laboral en la Euroregión Galicia – Norte de Portugal 2022  
Confederación de Empresarios de Galicia - Eures



Fonte: Informe de indicadores del mercado laboral en la Euroregión Galicia – Norte de Portugal 2022  
Confederación de Empresarios de Galicia - Eures

#### IV. MERCADO LABORAL

Na análise do mercado laboral poderemos constatar que a poboación moza, comprendida entre os 16 e os 29 anos (ambos inclusive), é un dos colectivos que máis dificultades teñen para acceder ao mercado laboral e cando comezan a traballar o fan en peores condicións, a pesar de que a poboación de dita idade sexa cada vez menor e teña maiores niveis de formación con respecto a xeracións pasadas, pero con peores oportunidades de emprego.

##### *Evolución do mercado laboral xuvenil*

###### – GALICIA

##### Poboación de 16 a 29 anos segundo actividade económica

Miles de persoas

En miles de persoas	2011					2021				
	Total	Activa	Ocupada	Desempre- gada	Inactiva	Total	Activa	Ocupada	Desem- pregada	inactiva
Total	2.403,50	1.316,60	1.089,30	227,2	1.086,9	2.340,90	1.228,20	1.085,10	143,1	1.112,7
16 - 19 anos	91,8	14,8	7,6	7,2	77,0	92,1	6,2	3,4	2,8	85,9
20 - 24 anos	133,5	71,9	46,4	25,5	61,6	110,7	44,1	30,7	13,4	66,6
25 - 29 anos	168,9	144,5	107,7	36,8	24,4	117,8	93,8	74,4	19,4	24,0
16 a 29 anos	394,2	231,2	161,7	69,5	162,9	320,6	144,1	108,5	35,6	176,5

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa - I.G.E. - Instituto Galego de Estatística

##### Poboación de 16 a 29 anos segundo actividade económica

Taxas

%	2011			2021		
	Activa	Ocupada	Desempregada	Activa	Ocupada	Desempregada
Total	54,8	45,3	17,3	52,5	46,4	11,7
16 - 19 anos	16,1	8,3	48,6	6,7	3,7	45,2
20 - 24 anos	53,9	34,8	35,5	39,8	27,7	30,4
25 - 29 anos	85,6	63,8	25,5	79,6	63,2	20,7
16 a 29 anos	58,7	41,0	30,1	44,9	33,8	24,7

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa - I.G.E. - Instituto Galego de Estatística

– NORTE DE PORTUGAL

Poboación de 15 a 29 anos segundo actividade económica  
Persoas

	2011					2021				
	Total	Activa	Ocupada	Desem- pregada	Inactiva	Total	Activa	Ocupada	Desem- pregada	inactiva
Total	3.132.449	1.756.065	1.501.883	254.182	1.376.384	3.146.421	1.688.814	1.546.569	142.245	1.457.607
15 - 19 anos	212.077	30.759	18.399	12.360	181.318	184.094	12.773	9.106	3.667	171.321
20 - 24 anos	213.799	135.536	104.277	31.259	78.263	201.840	110.723	92.613	18.110	91.117
25 - 29 anos	233.044	205.755	176.641	29.114	27.289	191.894	165.442	148.948	16.494	26.452
<b>15 a 29 anos</b>	<b>658.920</b>	<b>372.050</b>	<b>299.317</b>	<b>72.733</b>	<b>286.870</b>	<b>577.828</b>	<b>288.938</b>	<b>250.667</b>	<b>38.271</b>	<b>288.890</b>

Fonte: Censo 2021. Ine.pt

Poboación de 15 a 29 anos segundo actividade económica  
Taxas

%	2011			2021		
	Activa	Ocupada	Desempregada	Activa	Ocupada	Desempregada
Total	56,1	47,9	14,5	53,7	49,2	8,4
15 - 19 anos	14,5	8,7	40,2	6,9	4,9	28,7
20 - 24 anos	63,4	48,8	23,1	54,9	45,9	16,4
25 - 29 anos	88,3	75,8	14,1	86,2	77,6	10,0
<b>15 a 29 anos</b>	<b>56,5</b>	<b>45,4</b>	<b>19,5</b>	<b>50,0</b>	<b>43,4</b>	<b>13,2</b>

Fonte: Censo 2021. Ine.pt

Poboación Activa. Evolución 2010-2021

O total de persoas activas en Galicia de todas as idades pasa de 1.304,4 miles de persoas no ano 2010 a 1.228,2 miles no ano 2021. Este descenso da actividade prodúcese preferentemente debido a diminución da poboación activa de 16 a 29 anos. Pérdense nese período 100.000 persoas activas dende o ano 2010 ao ano 2021, é dicir, Galicia perde o 41% dos efectivos integrantes do mercado laboral dese tramo de idade, de 16 a 29 anos, en tan só 11 anos. O último dato anual de actividade da poboación moza en Galicia da unha cifra de 144,1 miles de persoas activas no ano 2021.

O estudo da actividade é de suma importancia porque nos ofrece un indicador moi valioso do mercado de traballo, as persoas que traballan ou están desempregadas pero que buscan emprego.

Os datos galegos de actividade xuvenil mostran un fortísimo retroceso, síntoma dun deterioro gravísimo. De representar a mocidade de 16 a 29 anos o 18,7% do total de persoas activas en Galicia a supoñer o 11,7% no ano 2021.

**Evolución da Poboación Activa de Galicia por Tramos de Idade**  
Miles de persoas

	2010	2013	2019	2020	2021
Poboación activa total	1.304,4	1.290,9	1.241,1	1.220,9	1.228,2
Poboación activa 16 a 19 anos	16,9	7,9	8,4	7,1	6,2
Poboación activa 20 a 24 anos	77,1	66,3	48,2	44,3	44,1
Poboación activa 25 a 29 anos	150,2	128,6	98,2	93,8	93,8
<b>Poboación activa 16 a 29 anos</b>	<b>244,2</b>	<b>202,8</b>	<b>154,8</b>	<b>145,2</b>	<b>144,1</b>
<b>% menores de 30 con relación a poboación activa Total idades</b>	<b>18,7</b>	<b>15,7</b>	<b>12,5</b>	<b>11,9</b>	<b>11,7</b>

Fonte: INE. Encuesta de poboación activa.

No Norte de Portugal o total de persoas activas de 15 a 29 anos pasa de 372.050 persoas no ano 2011 a 288.938 persoas no ano 2021, prodúcese así unha diminución intercensal de 83.112 efectivos, o que representa unha perda de 22,34%, aproximadamente a metade do que perde Galicia nesas idades.

Dentro da mocidade os tramos de idade nos que se produce este descenso son de 15 a 19 anos con 17.986 persoas menos, o 58,5%, no tramo de 20 a 24 anos no que diminúe a actividade en 24.813 persoas, o 18,3% e o de 25 a 29 cun total de 40.313 efectivos menos, o 19,6%.

O último dato anual de actividade da poboación moza (15 a 29 anos) no Norte de Portugal presenta unha cifra de persoas activas de 288.938 persoas no ano 2021.

**Evolución da Poboación Activa do Norte de Portugal por Tramos de Idade**  
Miles de persoas

	2011		2021	
	Total	Activa	Total	Activa
Total	3.132.449	1.756.065	3.146.421	1.688.814
15 - 19 anos	212.077	30.759	184.094	12.773
20 - 24 anos	213.799	135.536	201.840	110.723
25 - 29 anos	233.044	205.755	191.894	165.442
<b>15 a 29 anos</b>	<b>658.920</b>	<b>372.050</b>	<b>577.828</b>	<b>288.938</b>

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa - I.G.E. - Instituto Galego de Estatística

Na rexión galega, comparando co resto das comunidades autónomas, co fin de ver a posición na que se atopa Galicia en relación ao resto, para verificar se se trata dun feito xeneralizado en España, observamos que a taxa de actividade de menores de 25 anos en Galicia é do 24,78%, máis de dez puntos por debaixo da media das comunidades autónomas. As comunidades que destacan por maiores taxas de actividade de menores de 25 anos son Baleares 35,33%, Cataluña co 42,54%, Madrid 38,06% e Valencia 36,31%. Galicia sitúase como a comunidade con peor taxa de actividade da mocidade no tramo de menores de 25 anos.

Dentro de esa taxa, para as idades comprendidas entre 20 e 24 anos, idades onde se produce unha maior propensión ao traballo que en idades máis novas, afóndase aínda máis nas diferencias, de xeito que a taxa de actividade galega de 20 a 24 anos é a máis baixa de todas as comunidades autónomas, separada en 13,4 puntos da media.

**Taxas de actividade por distintos grupos de idade e comunidade autónoma**  
**Media anual Ano 2021**

	Total Idades	Menores de 25 años	De 16 a 19 años	De 20 a 24 años
Total Nacional	58,51	35,26	13,22	53,23
01 Andalucía	57,03	33,10	11,62	50,75
02 Aragón	58,59	35,81	13,19	54,49
03 Asturias, Principado de	50,68	25,44	5,19	41,17
04 Balears, Illes	63,21	35,33	14,19	52,19
05 Canarias	57,95	30,49	8,99	47,18
06 Cantabria	55,47	25,80	6,12	42,32
07 Castilla y León	54,22	30,74	8,87	48,45
08 Castilla - La Mancha	59,17	35,44	15,28	51,10
09 Cataluña	61,27	42,54	18,27	62,39
10 Comunitat Valenciana	57,77	36,31	14,89	54,30
11 Extremadura	55,19	31,35	12,78	45,99
12 Galicia	52,47	24,78	6,74	39,81
13 Madrid, Comunidad de	63,39	38,06	14,43	57,02
14 Murcia, Región de	60,33	35,80	14,90	52,97
15 Navarra, Comunidad Foral de	58,57	34,21	8,03	54,81
16 País Vasco	56,02	33,82	11,64	52,76
17 Rioja, La	59,94	36,29	14,11	54,68

Fonte: INE. Encuesta de población activa

Na rexión Norte de Portugal, aínda que o censo clasifica con distintos tramos de idade dos que o fai o INE para Galicia, segundo o censo referido ao ano 2021 a taxa de actividade da mocidade, comprendida nas idades de 15 a 29 anos, sitúase no 50%, presentando grandes diferencias entre idades. Así, a maior idade maior taxa de actividade, de maneira que a taxa de 25 a 29 anos acada un 86,2%, moi superior á taxa de 20 a 24 anos cun 54,9% e a dos de 15 a 19 anos cun 6,9%.

O mercado laboral da mocidade no Norte de Portugal presenta mellores expectativas de emprego, en comparación con Galicia, cunha taxa de actividade de 20 a 24 anos de 54,9%, moito máis favorable que na rexión galega que se sitúa no 39,81%.

### Taxa de actividade Norte de Portugal

2021		Taxa de Poboación Activa
Total		53,7
15 - 19 anos		6,9
20 - 24 anos		54,9
25 - 29 anos		86,2
<b>15 a 29 anos</b>		<b>50,0</b>

Fonte: Censo 2021. Ine.pt

### Ocupación

Dentro da poboación activa analizamos en primeiro lugar a poboación ocupada. A evolución da ocupación en Galicia no período que abarca dende o ano 2010 a 2021 mostra o desigual comportamento entre idades. O tramo que presenta unha perda máis pronunciada de empregos en termos relativos é o de 16 a 19 anos, que de ter 8.700 empregos no primeiro ano pasa a ter 3.400 empregos no último ano, é dicir, unha perda de 5.300 empregos no período, o 61% de perda de emprego. Máis da metade dos empregos perdidos para a mocidade de menor idade.

### Evolución de poboación ocupada por tramos de idade entre 16 e 29 anos. Galicia

Miles de persoas

	16 a 19 anos	20 a 24 anos	25 a 29 anos	De 16 a 29 anos	Total idades
2010	8,7	52,0	117,4	178,1	1.104,50
2011	7,6	46,4	107,7	161,7	1.089,30
2012	5,3	40,2	98,3	143,8	1.047,20
2013	2,8	34,4	89,1	126,3	1.006,40
2014	2,8	33,6	82,0	118,4	998,00
2015	2,9	33,3	81,6	117,8	1.017,20
2016	2,9	34,2	82,6	119,7	1.040,60
2017	3,0	37,1	81,9	122,0	1.052,70
2018	4,6	34,5	82,0	121,1	1.077,60
2019	4,9	35,9	81,5	122,3	1.095,20
2020	3,9	30,5	73,4	107,8	1.074,20
2021	3,4	30,7	74,4	108,5	1.085,10

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa - I.G.E. - Instituto Galego de Estatística

En segundo lugar está o emprego das persoas entre 20 a 24 anos, ao pasar de 52.000 empregos no ano 2010 a 30.700 empregos no ano 2021, son 21.300 empregos menos, o 41%.

O emprego perdido no total da mocidade de 16 a 29 anos en Galicia é de 69.600 empregos, dende 2010 a 2021, e dicir, o 39,1%. A crise económica do ano 2008 afecta de maneira moito máis virulenta ao emprego da mocidade.

O emprego no resto das idades ou se mantén, practicamente, ou aumenta, tan só na mocidade presenta unha característica de drástico descenso.

E non só iso, non se recuperan os valores rexistrados ao principio do período. Os mecanismos utilizados, especialmente a normativa sobre os ERTes, as bonificacións á Seguridade Social, etc., para salvagardar o emprego durante a crise producida pola pandemia covid-19 non serviron para o emprego da mocidade por ter contratos temporais nunha ampla maioría e de fácil expulsión.

No seguinte cadro compróbase no mercado de traballo a falta de relevo xeracional existente en Galicia.

A ocupación da mocidade, de 16 a 29 anos, tan só representa o 10% dos empregos do total de idades no ano 2021. Prodúcese así un claro retroceso da mocidade no mundo laboral na última década, xa que representaba o 14,8% no ano 2011.

Descendendo por sectores económicos, no que maior peso ostenta a mocidade dentro do total de idades é na “Industria”, o 11,5%, a pesar de que na última década perde posicións respecto ao ano 2011, no que se situaba no 15%. O seguinte sector en peso do emprego xuvenil é o de “Servizos”, o 10,1% do total de idades en 2021, lonxe do 15,5% que representaba no ano 2011.

**Poboación ocupada por grupo de idade e sector económico Galicia - Ano 2021. Miles de persoas**



	2011			2021		
	Total idades	De 16 a 29 anos	% ocupados 16-29 anos s/ total	Total idades	De 16 a 29 anos	% ocupados 16-29 anos s/ total
Total	1.089,30	161,7	14,8	1.085,1	108,5	10,0
Agricultura, gandería, caza e silvicultura Pesca e acuicultura	83,5	7,2	8,6	67,4	4,4	6,5
Industria	176,4	26,5	15,0	170,7	19,6	11,5
Construción	91,3	13,8	15,1	72,7	6,3	8,7
Servizos	738,1	114,2	15,5	774,4	78,2	10,1

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa - I.G.E. - Instituto Galego de Estatística

O emprego que ostenta a mocidade presenta un descenso en todos os sectores como se pode observar na táboa seguinte. O sector con maior perda de empregos é o da “Construción”, seguido da “Agricultura e pesca”.

**Poboación ocupada por grupo de idade e sector económico Galicia De 16 a 29 anos. Miles persoas**

	Total	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos
2010	178,2	8,4	25,9	20,2	123,7
2011	161,7	7,2	26,5	13,8	114,2
2012	143,8	7,1	22,1	10,2	104,4
2013	126,3	6,5	19,1	6,6	94,1
2014	118,3	5,8	17,2	7,3	88,0
2015	117,8	5,7	17,2	5,9	89,0
2016	119,6	6,2	18,1	6,2	89,2
2017	121,9	7,0	19,2	4,5	91,3
2018	121,1	7,2	18,2	4,6	91,0
2019	122,3	5,7	19,6	4,5	92,5
2020	107,8	4,8	20,7	4,7	77,6
2021	108,5	4,4	19,6	6,3	78,2

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa - I.G.E. - Instituto Galego de Estatística

**Poboación ocupada por formación alcanzada menores de 30 anos**

Ao analizar a poboación ocupada por idades en Galicia constátase que na formación da mocidade resalta que a maioría ten “Educación superior”, o 47,93% do total, segue en importancia cuantitativa os que teñen o título de “Educación secundaria. Segunda etapa” co 30,51% e finalmente o 20% Educación secundaria. Primeira etapa”. Na análise por idades son os que teñen maior porcentaxe de “Estudios universitarios”. A tendencia evolutiva do período analizado é que cada vez a formación da mocidade é máis elevada.

**Evolución da Poboación ocupada entre 16 e 29 anos por sexo e nivel de formación alcanzado. Galicia (CNED-2014)**

Miles de persoas

	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
<b>Total</b>	<b>118,3</b>	<b>117,8</b>	<b>119,6</b>	<b>121,9</b>	<b>121,1</b>	<b>122,3</b>	<b>107,8</b>	<b>108,5</b>
Analfabetos e estudos primarios	3,2	2,9	4,7	4,8	4,7	2,1	2,4	1,6
Educación secundaria. Primeira etapa	36,0	32,7	30,2	27,2	26,0	27,4	22,0	21,7
Educación secundaria. Segunda etapa	31,3	32,9	31,6	33,1	35,8	36,5	31,9	33,1
Educación superior	47,9	49,3	53,1	56,8	54,6	56,3	51,5	52,0

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa- I.G.E. - Instituto Galego de Estatística

A formación da poboación ocupada da mocidade no Norte de Portugal presenta un maior desglose que no escenario galego, o 32,24% das persoas ocupadas teñen estudos superiores, “Curso técnico superior profesional, de licenciatura, mestrado ou doutoramento”. “Ensino secundario e post secundario” o 50,95% e, por último, “Ensino básico” o 16,53%.

A maioría da mocidade ocupada no Norte de Portugal teñen Estudos secundarios e post-secundarios segundo o Censo poboacional referido ao ano 2021.

**Norte de Portugal. Nivel de escolaridade máis elevado completo por tramos de idade**

Persoas

	2011				2021			
	15 - 19	20-24	25-29	De 15 a 29	15 - 19	20-24	25-29	De 15 a 29
T:Total	18.399	104.277	176.641	299.317	9.106	92.613	148.948	250.667
1:Nenhum	97	506	1.176	1.779	10	243	455	708
2:Ensino básico	12.684	49.290	72.457	134.431	2.355	14.588	24.487	41.430
21:1.º ciclo	301	1.786	3.357	5.444	41	143	329	513
22:2.º ciclo	2.443	12.006	19.792	34.241	233	1.488	3.057	4.778
23:3.º ciclo	9.940	35.498	49.308	94.746	2.081	12.957	21.101	36.139
3:Ensino secundario	5.375	37.934	45.255	88.564	6.447	53.515	57.769	117.731
4:Ensino pós-secundario	243	3.478	5.167	8.888	236	3.831	5.913	9.980
5:Ensino superior	0	13.069	52.586	65.655	58	20.436	60.324	80.818
51:Curso técnico superior profesional	0	0	0	0	58	1.313	1.103	2.474
52:Bacharelato	0	0	1.760	1.760	0	0	0	0
53:Licenciatura	0	11.012	43.380	54.392	0	14.497	32.226	46.723
54:Mestrado	0	2.040	7.240	9.280	0	4.598	26.562	31.160
55:Doutoramento	0	17	206	223	0	28	433	461

Fonte: Censo 2021 (Os estudos da rexións Norte de Portugal e Galicia non son equivalentes).

## Por nivel formativo

A maior nivel formativo maior taxa de emprego nos dous escenarios.

Na mocidade en Galicia hai unha menor taxa de emprego no tramo de 16 a 24 anos nos maiores niveis formativos que no conxunto de idades. No tramo de idade de 25 a 34 anos a maior formación determina unha mellor taxa de emprego para a mocidade.

No Norte de Portugal a situación é similar, pero en ambos tramos de idade con maior taxa de emprego da mocidade que no contexto galego.

### Taxa de emprego por nivel de formación alcanzado e grupos de idade (CNED-2014).

Galicia. Ano 2022

(%)	Total idades	De 16 a 24 anos	De 25 a 34 anos
Total	47,1	18,8	71,1
Analfabetos	6,3	0,0	0,0
Estudos primarios	7,0	18,5	47,1
Educación secundaria. Primeira etapa	38,2	12,6	70,4
Educación secundaria. Segunda etapa	52,9	18,5	64,9
Educación superior	71,6	34,4	76,2

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

### Taxa de emprego Ano 2022 Rexión Norte por grupo de idade. Nivel de escolaridade máis elevado completo; Anual - INE, Inquérito ao emprego

(%)	Total idades	De 16 a 24 anos	De 25 a 34 anos
Total	56,4	28,9	85
Nenhum	x	x	x
Básico - 1º Ciclo	22,2	x	x
Básico - 2º Ciclo	65	x	x
Básico - 3º Ciclo	58	11,6*	x
Secundário e pós-secundário	67,5	32,4	81,0
Superior	80,9	46,8*	83,8

X=dato non dispoñible

\*=dato con marxe alto de desviación.

Quadro extraído em 1 de Junho de 2023

<http://www.ine.pt>

## Condições de traballo na ocupación

As condicións de traballo da mocidade caracterízanse pola precariedade, nalgúns casos son traballos temporais, traballos esporádicos, traballos de temporada, na maioría das situacións relacionada ca falta de oportunidades que teñen para atopar empregos indefinidos.

A precariedade implica situacións de desvantaxe tales como:

- ~ Corta duración dos contratos de traballo
- ~ Elevados índices de temporalidade
- ~ Reducións de xornadas non desexadas
- ~ Brecha xeracional
- ~ Exceso de horas extras, con o sen remuneración, case sempre de realización obrigatoria.
- ~ Riscos para a saúde laboral, debido a falta de formación e información

Todos estes rasgos da precariedade laboral inflúen aumentando a inestabilidade e inseguridade, tanto económica como do desenvolvemento profesional da mocidade, moi especialmente de aqueles con peores condicións de traballo.

As consecuencias son:

- ~ Deterioran a economía, cando os salarios non recuperan o poder adquisitivo pola inflación.
- ~ Aumentan o emprego en actividades con baixos salarios, o que pode propiciar un crecemento de emprego irregular e de economía somerxida.
- ~ Elevan os accidentes de traballo, as enfermidades comúns derivadas da exposición a riscos psicosociais, como é o caso do estrés laboral.

## Poboación asalariada

A Enquisa de Poboación Activa ofrécenos para Galicia un número de persoas asalariadas ocupadas de 16 a 29 anos de 99,1 miles de persoas, o que representa o 11,3% do total de poboación asalariada. Desda poboación menor de 30 anos o 61,5% ten un contrato temporal, porcentaxe moi superior á poboación maior de 30 anos, no que este tipo de contrato representa o 19,8%. É dicir, a mocidade ten unha temporalidade na contratación moito máis desfavorable, o triplo, que o resto dos ocupados. A media dos ocupados en Galicia ten unha temporalidade moito menor, do 24,5%.

### Poboación asalariada segundo grupos de idade e tipo de contrato Galicia. Ano 2021 (Miles de persoas)

	Poboación Total	Poboación de 16 a 29 anos	Poboación de 30 e máis anos
<b>Total contratos</b>	<b>876,4</b>	<b>99,1</b>	<b>777,3</b>
Asalariados con Contrato indefinido	661,8	38,2	623,6
Asalariados con Contrato temporal	214,6	60,9	153,7
Taxa de temporalidade	24,5	61,5	19,8

FONTTE: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

No mercado laboral galego a menor idade, máis elevada é a temporalidade e a precariedade.

## Poboación ocupada por tipo de xornada e grupos de idade

Outro rasgo da precariedade, ademais da temporalidade, é a parcialidade (na maioría dos casos non desexada, xa que segundo a propia Enquisa de Poboación Activa a maioría dos enquisados prefiren a xornada a tempo completo).

En Galicia na franxa comprendida entre 16 e 19 anos é máis predominante que no resto das idades, así, o 50% ten xornada a tempo parcial. No tramo de idade de 20 a 24 anos o 30,6%, no seguinte tramo de 25 a 29 anos teñen dita xornada o 21,5%.

Agrupando de 16 a 29 anos, é dicir, a poboación ocupada xoven, ten xornada a tempo parcial o 25% da poboación ocupada desas idades, unha parcialidade que case duplica a

que caracteriza o total de idades, os cales teñen xornada a tempo parcial no 13,5% dos casos.

De novo a idade constitúe un factor para a precariedade cunha xornada inferior á desexada, o que se traduce nunha exigua remuneración salarial.

**Poboación ocupada por tipo de xornada e grupos de idade.  
Galicia. Ano 2021 Miles de persoas**

<i>En miles de persoas</i>	Total	Completa	Parcial	% parcial s/ total (%)
Total	1.085,1	938,7	146,3	13,5
de 16 a 19 anos	3,4	1,7	1,7	50,0
de 20 a 24 anos	30,7	21,3	9,4	30,6
de 25 a 29 anos	74,4	58,4	16,0	21,5
<b>De 16 a 29 anos</b>	<b>108,5</b>	<b>81,4</b>	<b>27,1</b>	<b>25,0</b>
de 30 a 34 anos	97,1	84,5	12,5	12,9
de 35 a 39 anos	135,4	114,7	20,7	15,3
de 40 a 44 anos	175,7	153,5	22,2	12,6
de 45 a 49 anos	175,0	153,8	21,2	12,1
de 50 a 54 anos	158,8	141,5	17,4	11,0
de 55 a 59 anos	131,5	119,2	12,3	9,4
de 60 a 64 anos	85,8	76,7	9,1	10,6
de 65 e máis anos	17,3	13,4	3,9	22,5

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

No Norte de Portugal dos 237.200 mozos e mozas menores de 30 anos que traballan por conta allea, 92.600 fano baixo contrato con termo. É dicir, a taxa de temporalidade das persoas asalariadas entre 16 e 29 anos é do 39%, inferior á porcentaxe que se comproba en Galicia, superior ao 60%.

No Norte de Portugal o 7,6% da poboación empregada de todas as idades ten un contrato a tempo parcial, e en relación as persoas mozas, de 16 a 29 anos, tan so o 11,1% está contratado a tempo parcial. O contrato predominante nesta zona da Eurorrexión e a xornada completa. O contrato a tempo parcial ten unha menor prevalencia no Norte de Portugal que en Galicia.

População empregada, por região de residência NUTS II (NUTS-2013), regime de duração de trabalho, situação na profissão, contrato de trabalho e grupo etário

Região Norte	2021
	Milhares de pessoas
<b>Total</b>	<b>1 709,2</b>
Dos 16 aos 29 anos	250,1
<b>Regime de duração do trabalho</b>	
A tempo completo	1 579,0
Dos 16 aos 29 anos	222,3
A tempo parcial	130,2
Dos 16 aos 29 anos	27,8 §
<b>Situação na profissão</b>	
Trabalhador por conta de outrem	1 434,9
Dos 16 aos 29 anos	237,2
Contrato sem termo	1 195,6
Dos 16 aos 29 anos	132,5
Contrato com termo	207,0
Dos 16 aos 29 anos	92,6
Outro tipo de contrato	32,3 §
Dos 16 aos 29 anos	12,1 §
Trabalhador por conta própria como isolado	160,4
Dos 16 aos 29 anos	x
Trabalhador por conta própria como empregador	99,3
Dos 16 aos 29 anos	x
Trabalhador familiar não remunerado	14,5 §
Dos 16 aos 29 anos	x

Fonte: INE, Inquérito ao Emprego

Sinais convencionais: § Dado com fiabilidade reduzida x Dado não disponível

Q1 - Número de trabalhadores por conta de outrem (TCO) por distrito, tipo de contrato, grupo etário e sexo

Portugal 2021

Ano: 2021

Distrito: Braga, Bragança, Porto, Viana do Castelo e Vila Real

Soma de Número de Trabalhadores por Conta de Outrem (TCO)	Escala Etária				
	16 A 17 ANOS	18 A 24 ANOS	25 A 29 ANOS	30 A 34 ANOS	Total Geral
Caso não se enquadre nos códigos anteriores, p.ex., contrato de trabalho de muito curta duração, inc	6	912	669	514	4.324
Contrato de trabalho com termo certo	139	33.943	35.313	28.533	200.455
Contrato de trabalho com termo incerto	11	5.949	7.795	7.131	51.737
Contrato de trabalho em comissão de serviço com termo certo		5	5	13	228
Contrato de trabalho em comissão de serviço com termo incerto		3	6	11	83
A información sobre a inserción laboral das persoas cunha formación universitaria no Norte de Portugal é a partires da información facilitada polas principais universidades da zona, desglosada según a universidade en cuestión.

#### UNIVERSIDADE DE PORTO

O estudio se centra nas traxectorias profesionais e na situación ocupacional da Universidade do Porto (licenciados) do ano lectivo 2017-2018, desenvolvido no Observatório do Emprego da Universidade do Porto. O estudio ten unha metodoloxía totalmente diferente a empregada en Galicia, polo que os datos non son comparables, máis aínda se observamos que gran parte dos que rematan os estudos seguen estudiando, polo que a inserción laboral aínda non se pode verificar.

Os estudos cursados na Universidade de Porto con maior inserción laboral o 1 de outubro de 2020, son “Ciencias sociais, comercio e dereito” cun 53,2%, seguido de cerca de “Saúde e protección social” co 52,5%. Outros estudos con menor inserción, tan so mostran que continúan completando os estudos, máis que sexa títulos con baixa inserción.

Polo anterior pensamos que a variable desemprego resultaría máis clarificadora, observamos cales son as titulacións universitarias con menor desemprego, un ano despois da licenciatura son “Ciencias sociais, comercio e dereito” cun 5,6% de paro, “Ciencias, matemáticas e informática” cun 6,4%, e “Servizos” cun 7%. Todas elas licenciaturas cun desemprego inferior á media de todas as formacións (8,6%)



## Universidade do Porto

### Situação ocupacional por área de educação e formação (% em linha)

	Empregado	Desempregado	Formação/estágio ou a estudar	Atividades ocasionais	Outra situação
<b>12 meses após a conclusão da licenciatura</b>					
Educação	40,0	13,3	40,1	4,4	2,2
Artes e humanidades	36,3	12,2	36,7	11,9	2,9
Ciências sociais, comércio e direito	42,9	5,6	44,0	5,4	2,1
Ciências, matemática e informática	18,4	6,4	69,6	5,2	0,4
Engenharia, indústrias transformadoras e construção	37,5	12,5	46,9	3,1	
Saúde e proteção social	28,8	18,6	40,7	11,9	
Serviços	34,9	7,0	46,4	10,5	1,2
Total	34,6	8,6	47,8	7,4	1,6
<b>1 de outubro de 2020</b>					
Educação	46,7	20,0	28,9	2,2	2,2
Artes e humanidades	38,9	19,6	32,6	5,6	3,3
Ciências sociais, comércio e direito	53,2	12,4	30,2	1,6	2,6
Ciências, matemática e informática	32,0	12,0	52,8	3,2	
Engenharia, indústrias transformadoras e construção	37,5	21,9	37,5	3,1	
Saúde e proteção social	52,5	16,9	25,5	5,1	
Serviços	41,9	14,0	34,9	8,1	1,1
Total	43,8	14,9	35,8	3,6	1,9

Fonte: Carlos Manuel Gonçalves (2021), *Situação Ocupacional dos Diplomados da Universidade do Porto*

## UNIVERSIDADE DO MINHO

Na Univerisdade do Minho no período 2017 a 2021 os diplomados universitarios se caracterizan con porcentaxes de desemprego moi baixos, destacando a Escola de Medicina co 0,5%, Escola Superior de Enfermería co 0,8%, Escola de Inxenieria 2,4% e Escola de Educación, 2,6%, todos eles por debaixo da media de desemprego de todas as titulaciós, 2,8%.

## UNIVERSIDADE DO MINHO

### Diplomados desempregados da UMINHO, no período de 2017 a 2021.

	Diplomados	Desempregado	% Desempregados
Total	21.338	598	2,8
Escola Arquitectura, Arte e Design	403	21	5,2
Escola de Ciências	2.000	56	2,8
Escola de Direito	1.065	48	4,5
Escola de Economía e Gestão	2.824	117	4,1
Escola de Engenharia	3.707	90	2,4
Escola de Letras, Artes e Ciencias humanas	1.340	53	4,0
Escola de Medicina	769	4	0,5
EScola de Psicologia	581	39	6,7
EScola superior de Enfermagem	524	4	0,8
Instituto de Ciências Sociais	1.336	79	5,9
Instituto de Educação	1.434	38	2,6
Instituto de InvestigaÇao em biomateriais, biodegradáveis e biomiméticos	26	0	0,0

Fonte: Relatório sobre a empregabilidade dos diplomados da UNIVERSIDADE DO MINHO - Estatísticas DGEEC, período 2017 a 2021 - Universidade do Minho - Unidade de Serviços de Gestão e Acreditação da Qualidade

## VII. AVALIACIÓN DAS POLÍTICAS PÚBLICAS DIRIXIDAS Á MOCIDADE

A principal política de emprego dirixida a mocidade é a Iniciativa de Emprego Xuvenil (IEJ), esta foi acordada polos varios Estados Membros da UE, en 2013, como resposta ao agravamento do desemprego da mocidade tras a crise financeira internacional de 2007-2008.

### Galicia

Para realizar unha avaliación das políticas públicas dirixidas á mocidade utilízase o “II Informe de Evaluación da Iniciativa de Empleo Juvenil” realizado polo “Ministerio Trabajo, Migraciones y Seguridad Social”, que se realiza para comprobar a execución, eficacia, resultados, eficiencia e impacto das medidas do Programa Operativo FSE de Empleo juvenil (POEJ) do período avaliable en todas as comunidades autónomas.

O obxectivo principal do “Programa Operativo de Empleo Juvenil” é reducir a taxa de desemprego xuvenil en España a través dunha mellora das cualificacións e o fomento da contratación e o autoemprego. É unha actuación complementaria a outras accións emprendidas a escala nacional financiadas polo FSE.

O POEJ contribúe a implementación da IEJ a través do Eixe 5 “Integración sostible no mercado de traballo das persoas mozas que non se atopan empregadas, nin participan nos sistemas de educación nin formación, en particular no contexto de garantía xuvenil”.

A aplicación do SNGJ amplíase ata as persoas mozas menores de 30 anos cando a taxa de desemprego deste colectivo sexa igual ou superior ao 20% segundo a Enquisa de Poboación Activa do último trimestre.

No seguinte cadro recóllese o Eixo 5 de Integración no mercado de traballo da mocidade detallando os obxectivos, accións e resultados esperados.

**EJE 5. Integración sostenible en el mercado de trabajo de las personas jóvenes que no se encuentran empleadas, ni participan en actividades de educación ni formación, en particular, en el contexto de Garantía Juvenil**  
**PRIORIDAD DE INVERSIÓN 8.2. Integración sostenible en el mercado de trabajo de los jóvenes, en particular de aquellos sin trabajo y no integrados en los sistemas de educación o formación, así como los jóvenes que corren riesgo de sufrir exclusión social y los procedentes de comunidades marginadas**

OBJETIVO ESPECÍFICO	ACCIONES 5	RESULTADOS ESPERADOS
<p><b>OE 8.2.1.</b>  <i>La activación de las personas jóvenes no ocupadas y no integradas en los sistemas de educación o formación, que permita su incorporación al mercado laboral, a la educación o a la formación</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Acciones de orientación, información y asesoramiento (Portal único de Empleo).</li> <li>• Medidas de activación a través del perfil SNGJ.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Activación de jóvenes registrados como demandantes de empleo en los servicios regionales de empleo.</li> <li>• Activación de jóvenes que presentan fuerte desconexión del mercado laboral.</li> <li>• Elaboración previa de un perfil completo de las características de la población objetivo a través de SNGJ.</li> <li>• Asesorar, orientar profesionalmente, informar y acompañar en la búsqueda de empleo, de forma individualizada.</li> </ul>
<p><b>OE 8.2.2.</b>  <i>Reforzar la empleabilidad y las competencias profesionales de las personas jóvenes no ocupadas y no integradas en los sistemas de educación o formación</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Programas de segunda oportunidad, formación en idiomas y TIC, formación destinada a la obtención del título ESO y certificados de Profesionalidad, Escuelas Taller y Casas de Oficios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Mejora directa de la empleabilidad de la persona joven.</li> <li>• Mejora de la capacitación profesional de las personas jóvenes.</li> <li>• Aumento del nivel de formación de los jóvenes que abandonaron los estudios a una edad temprana para incorporarse al mercado de trabajo.</li> <li>• Reconversión y reciclaje de los jóvenes con niveles de formación elevados pero no adecuados a las necesidades del mercado laboral.</li> </ul>
<p><b>OE 8.2.3.</b>  <i>Aumentar el emprendimiento de las personas jóvenes no ocupadas y no integradas en los sistemas de educación o formación como vía de acceso al mercado laboral a través de la creación de empresas</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ayudas al Auto empleo (Tarifa plana para jóvenes autónomos) y fomento de cultura emprendedora ("Saber emprender, "Emprende con Crédito", "Emprende con Red", entre otras).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Fomentar el desarrollo de competencias emprendedoras entre las personas jóvenes.</li> <li>• Mejorar los niveles de autoempleo e iniciativa empresarial entre los jóvenes, incluyendo distintas formas de emprendimiento en el marco de la economía social.</li> <li>• Eliminación de las barreras que dificultan o impiden la transformación de las ideas emprendedoras de la población juvenil.</li> <li>• Fomento del espíritu emprendedor y de la cultura emprendedora entre las personas jóvenes.</li> </ul>
<p><b>OE 8.2.4.</b>  <i>Aumentar la contratación de carácter indefinido de las personas jóvenes no ocupadas y no integradas en los sistemas de educación o formación a través de la intermediación y de los incentivos económicos</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Estímulo a la contratación: <ul style="list-style-type: none"> <li>- bonificaciones en cuotas a la Seguridad Social.</li> <li>- "Contrato Primer Empleo joven".</li> <li>- Contrato en prácticas.</li> <li>- Contrato indefinido "Tarifa joven"</li> <li>- Fomento de Economía social</li> <li>- Etc.</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Fomentar la contratación a través de la utilización de ayudas salariales y otro tipo de medidas dirigidas a que las personas empleadoras creen nuevas oportunidades para jóvenes.</li> <li>• Obtención de empleos de calidad y de carácter indefinido.</li> <li>• Contratación en los sectores con mayor potencial de creación de empleo.</li> <li>• Contratación en el marco de la economía verde, TIC, Investigación y Asistencia Sanitaria.</li> </ul>

Fonte: II Informe de Evaluación da Iniciativa de Empleo Juvenil" realizado polo Ministerio Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

Segundo o informe de avaliación, todas as comunidades autónomas presentaban taxas de desemprego xuvenil superiores ao 25%, no momento de asignación da Iniciativa de Emprego Xuvenil, polo que o ámbito de aplicación é o conxunto do territorio nacional.

O obxectivo xeral do IEJ se cumpre, xa que a taxa de inserción laboral entre os participantes é do 55,5%, levemente por encima da tendencia xeral do mercado laboral, aínda que con marxe de mellora á vista dos resultados noutros países da Unión, e tamén en función das respostas dos participantes.

Destacamos da IEJ aspectos que permiten atopar eses mecanismos de mellora a partir da avaliación que realizaron:

*As dificultades estruturais do mercado laboral e a escaseza de oferta son as principais barreiras aducidas polas persoas mozas participantes que non conseguiron un contrato de traballo tras as actuacións.*

*Os resultados da avaliación para Galicia mostran que a principal actuación na comunidade autónoma é a orientación laboral, representando o 85,70% do total das actuacións, sendo esta actuación maioritaria fronte ao resto, a educación o 4,80%, a aprendizaxe o 3,70%, prácticas o 0,30%, emprendemento o 1,40% e emprego o 4,10%.*

*O 28,1% das persoas mozas opinaron que as posibilidades de emprego aumentaron co programa moito ou bastante, no outro extremo está o 42,9% que considera que as actuacións serviron pouco ou nada para atopar emprego.*

*Aspectos relacionados ca xestión, as dificultades para dar a coñecer o programa e as desmotivacións do colectivo destinatario son barreiras que obstaculizaron a consecución deste obxectivo.*

*Entre as accións máis eficaces para favorecer a empregabilidade, os proxectos mixtos de formación e emprego, e o achegamento ao sector privado dende una perspectiva local son as que mellores comentarios recibidos dos participantes nas accións.*

*As críticas diríxense as prácticas non laborais e a formación que non permite a obtención de título, por non ser efectivas. A opinión maioritaria e a falta de itinerarios formativos coherentes para a mocidade como unha das debilidades do sistema.*

*Con respecto as prácticas non laborais plantéxase que non son a alternativa adecuada, senón o contrato de formación e aprendizaxe e o contrato de prácticas son as alternativas idóneas para non precarizar o emprego da mocidade. Resáltase o uso inadecuado desta figura, na que se esixe con frecuencia á mocidade todas as características dun traballador regular, mentres que a figura do titor da empresa non exerce de modo adecuado as súas funcións.*

*Outra carencia do sistema é a multitude de cursos que se lle ofrece á mocidade sen una adecuada orientación e coherencia. O mero feito de permanecer nas aulas non mellora a empregabilidade, polo que é necesario obter certificados que acrediten capacidades e que permitan desenvolver prácticas e contratos de formación. As persoas participantes sinalaron, ademais, que frecuentemente o sistema non ofrece itinerarios formativos coherentes senón que a mocidade fai cursos segundo a oportunidade destes, e non o que realmente desexan ou necesitan.*

*As actividades de formación con compromiso de contratación, as de FP dual, a formación para a obtención de certificados profesionais, son as máis adecuadas para lograr os obxectivos da IEJ.*

*O autoemprego é unha opción minoritaria de incorporación ao mercado de traballo entre a mocidade participante, e as accións encamiñadas ao emprendemento mostraron unha eficacia significativa en este obxectivo, con elevadas taxas de afiliación á Seguridade Social.*

*Con respecto a formación recibida para emprender o seu propio negocio, as persoas participantes valoran desfavorablemente a utilidade da formación recibida para emprender.*

*En relación á contratación indefinida das e dos participantes integrados no mercado laboral permaneceu en niveis baixos, aínda que por encima da tendencia do mercado laboral. Dos participantes que se encontraban en situación de alta 12 meses despois das actuacións, o 23,2% estaban contratados de maneira indefinida e tan só o 14,9% indefinidos a tempo completo.*

*As difíciles condicións estruturais do mercado de traballo e a ineficacia dalgunhas das axudas á contratación son dous elementos destacados como barreiras á consecución do obxectivo.*

*As axudas á contratación foron actuacións recorrentes no marco da IEJ, que sen embargo, non tiveron o éxito que cabería esperar.*

## Norte de Portugal

A Iniciativa de Emprego Mozo (IEJ) en Portugal, constitúe un Eixe Prioritario Específico (Eixe 2 - IEJ), no ámbito do Programa Operativo de Inclusión Social e Emprego (POISE), cuxo deseño inicial prevía un conxunto de 16 Tipoloxías de Operación nos dominios tradicionais das políticas activas de emprego, cualificación/educación, prácticas profesionais e apoios ao emprego, destinadas a apoiar os mozos NEET (mocidade que nin traballa nin estudia) ata aos 30 anos, de todas as rexións do país.

A avaliación desta política dirixida a mocidade se realiza no informe “Avaliação do Impacto da Iniciativa Emprego Jovem (IEJ)” en febrero do ano 2021, está dirixido a identificar os seus principais resultados entre 2013 e 2020. As conclusións e recomendacións emanadas da avaliación contribuirán para apoiar a toma de decisións en torno á continuidade e eventuais axustes nas medidas de política avaliadas.

### Resultados

Eficacia da IEJ no cumprimento dos seus obxectivos e na resposta aos mozos NEET. O perfil dos participantes foi maioría do sexo feminino, entre 20-29 anos e con proporción equilibrada de desempregados á procura dun novo emprego ou do primeiro emprego. Abrangueu unha elevada participación de mozas con “Ensino Superior”, dando resposta a un segmento particularmente afectado polo desemprego no período do arranque da iniciativa. Non chegou aos menos escolarizados e a perfís de maior vulnerabilidade, nomeadamente DLD ou inactivos (segmento difícil de rastrear e sobre o cal existe pouca información).

Factores relacionados coas características dos incentivos financeiros e das accións motivaron a participación dos mozos na iniciativa que, ao final, demóstranse globalmente satisfeitos. A integración dos beneficiarios nas tipoloxías de operacións revelou adecuada ao perfil/necesidades dos demandantes e simultaneamente unha resposta ás necesidades do mercado de traballo, revelando a eficacia das tipoloxía de operacións de “Prácticas” e “Apoios á Contratación” para promover a transición para o mercado de traballo e o acceso a empregos sustentables: cerca de 60% recibiu unha oferta de emprego durante ou inmediatamente tras a IEJ e cerca de 6% optou pola creación do propio emprego. As operacións de apoio ao emprendedor non atinxiren as metas de creación de emprego, o “Emprende Já” revela unha maior eficacia fronte á “COOP Jovem”.

Por outro lado, na dimensión da cualificación/educación practicamente non houbo execución debido a opcións de reorientación programática, o que inviabiliza a avaliación da súa eficacia.

Eficacia da IEJ na melloría das condicións de empregabilidade dos participantes. 7 de cada 10

participantes que concluíron a intervención deixaron de ser NEET nas 4 semanas tras a IEJ, o que expresa a importancia da IEJ para a mudanza da situación de partida dos beneficiarios. O acceso ao mercado de traballo é a principal vía de saída da situación de NEET: 6 de cada 10 ingresa no mercado de traballo, nese período. No caso dos ex-participantes de “Apoio á Contratación” esa transición é case inmediata (BD IEFPP/SS). O primeiro emprego non traduce unha mudanza moi expresiva fronte aos valores medios das bolsas IEJ, non obstante, os ex-participantes están globalmente satisfeitos coa adecuación da oferta de emprego en relación ás súas habilidades, experiencia e función desempeñadas, sendo máis críticos canto ás condicións contratuais e nivel salarial. Efectivamente, a avaliación veu comprobar que participar na IEJ revisou vantaxes na obtención dun emprego de máis calidade (medido nos niveis de remuneración) e con máis sostibilidade (maior probabilidade de obter emprego até 3 anos tras o inicio da intervención)

O desemprego atinxiu cerca de 10% dos ex-participantes, ficando abaixo da taxa de desemprego mozo nacional (en 2018, situouse entre 18% e 19% entre os de formación secundaria ou superior, e 20,3% no total). Os casos de individuos que optaron por continuar a estudar, realizar prácticas, ou outro tipo de situación (licenzas, p.ex.) son moi reducidos.

Impacto da IEJ sobre o contexto socioeconómico. A contribución da IEJ para a redución do desemprego mozo e da taxa de NEET en Portugal entre 2013-2018 é evidente. A taxa de desemprego descendeu de forma acentuada, variando do 38,1% en 2013 ao 20,3% en 2018, cun impulso importante da IEJ: en 2015, a IEJ representou un máximo do 23% do total de mozos NEET rexistrados no IEFPP, valor equivalente a 58% do total nacional de NEET con habilitación superior rexistrados no Instituto. A análise comproba que ese efecto ocorreu independentemente do contexto de recuperación económica e de diminución da taxa de desemprego. No período de crise, o conxunto de apoios canalizados para prácticas e apoios á contratación, financiados a través da IEJ e polo Orzamento de Estado, permitiron estancar o agravamento do desemprego da mocidade. Estes, constituíron unha alternativa de ocupación que resultou nunha inserción profesional sustentable a longo prazo. No caso de que unha desas fontes de financiamento non existise, habería un reflexo directo no agravamento da taxa de desemprego da mocidade rexistrada entre 2013-2018.

### **Principais conclusións**

A IEJ revelouse unha iniciativa fortemente orientada para a promoción do emprego da mocidade, aplicada nun período de crecemento do desemprego, que afectaba transversalmente a este colectivo, incluíndo os máis cualificadas. Ese contexto, ben como a lóxica da sinerxía que a IEJ establece con outros instrumentos de financiamento (incluíndo noutros Programas Operativos), conduciu á opción de centrar

a iniciativa no apoio a prácticas, apoios á contratación e apoios aos emprendedores, o que se veu a revelar unha estratexia moi eficaz para conter a taxa de desemprego mozo e a taxa de NEET en Portugal. A relevancia da IEJ fronte ao contexto de partida é evidente, porén, esta non abrangueu de igual forma o universo de NEET, ficando afastada de públicos máis dificilmente rastreables, como os inactivos, o que de feito ocorreu en varios Estados Membros. Trátase dunha fragilidade da Iniciativa que deberá evolucionar no sentido de prever o desenvolvemento de medidas específicas para os NEET máis desfavorecidos, potenciando o camiño iniciado no ámbito da Garantía Moza, designadamente en relación á mobilización dunha rede máis ampliada que permita a sinalización dos NEET e dispoñendo de servizos máis personalizados.

Non obstante, a IEJ foi capaz de mobilizar o perfil de NEET previsto no deseño da Iniciativa e resulta evidente que a frecuencia e conclusión das tipoloxías de operación facilitou e acelerou o acceso dos mozos ao mercado de traballo. Participar na Iniciativa trouxo vantaxes na maior celeridade do acceso a un emprego (sobre todo entre os ex-participantes de “Apoios á Contratación”) e constituíu unha vantaxe para a obtención dunha oferta de emprego con máis calidade e unha inserción máis estable no tempo (fronte ao grupo de non participantes).

O feito de observar esos resultados, xunto dos ex-participantes de “Prácticas” e “Apoios á Contratación”, calquera que fose a fonte de financiamento (IEJ ou exclusivamente orzamento nacional), permite concluír sobre a racionalidade das medidas financiadas mediante un mecanismo adecuado para responder a crises de desemprego mozo, como a que se asistiu no arranque da Iniciativa e como a que previsiblemente se asistirá tendo en conta as condicións contemporáneas da avaliación.

Os “Apoios ao Emprego” destácanse pola maior plasticidade na resposta a distintos grupos de idade, perfil de situación/duración do desemprego e niveis de habilidades académicas, o que leva a concluír que son particularmente relevantes para un abano máis diversificado de mozos, incluíndo individuos con escolarización inferior ao nivel secundario. Á súa vez, as “Prácticas profesionais” con duración máis curta revélanse máis eficaces na probabilidade de obter emprego entre mozos máis maiores (25 a 29 anos); por outro lado, os efectos máis positivos encóntranse entre os mozos con “Ensino Superior”.

A eficacia das accións de “Apoio ao Emprendedor” mentres resposta aos NEET debe ser lida con reservas. Por un lado, o éxito dese tipo de accións está fortemente dependente do perfil dos demandantes (motivación, experiencia relevante asociada,...) e dificilmente poderá traducir unha resposta obvia para os mozos NEET; con todo, a experiencia do “Emprende Já” mostra que pode haber un espazo importante reservado a accións de apoio ao emprendemento para mozos NEET, desde que asegurado un bo proceso de selección e un acompañamento personalizado e de forte proximidade, capaz de aliar a participación na medida a un proceso de definición dun proxecto de vida e de negocio.



## VIII. ANÁLISIS DAFO Galicia/Norte Portugal

DEBILIDADES	AMEAZAS
<ul style="list-style-type: none"><li>- Diminución da poboación moza na eurrerxión, aínda que máis pronunciada en Galicia.</li><li>- Taxa de desemprego da mocidade elevada.</li><li>- Taxa de ocupación da mocidade reducida en relación ao resto das idades.</li><li>- Menos persoas tituladas de FP do que require o mercado laboral en Galicia ao pesar do incremento dos últimos anos, polo que hai un desaxuste entre a oferta de titulacións e a demanda.</li><li>- Inserción laboral en Galicia dos estudos en “Ensinanzas secundaria superior ou postsecundaria non terciaria” das máis baixas de todas as rexións da UE.</li><li>- Sector industrial en Galicia con claro retroceso pola perda continua de emprego.</li><li>- Tecido produtivo baseado en pemes o que fan menos atractivo para instalación de proxectos para a mocidade fronte ao exterior.</li><li>- En Galicia, segundo os participantes da formación, a “Formación para o emprego” está desligada do emprego</li><li>- Escasa oferta de transporte público transfronteirizo, o que non favorece a mobilidade.</li><li>- Necesidades que non mobilizan a procura de cualificación por parte do alumnado.</li><li>- Inadecuada información á hora de elección da cualificación dirixida á mocidade e familias.</li><li>- Reducido tamaño da maioría das empresas empregadoras: escasa capacidade formadora, escasa capacidade innovadora e incorporación tecnolóxica.</li><li>- Escaso investimento en I+D en Galicia</li><li>- No Norte de Portugal baixos salarios da mocidade, incompatible ca autonomía financeira.</li><li>- No Norte de Portugal vínculos precarios e inestabilidade no emprego.</li><li>- Desmotivación dunha parte da</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Persisten as barreiras legais e administrativas que non favorecen a integración socioeconómica no territorio en materia de transportes, saúde, servizos públicos, trámites administrativos, habilitacións...</li><li>- En Galicia persisten obstáculos administrativos e tramites burocráticos que limitan a creación de empresas.</li><li>- Deficiente organización do solo empresarial.</li><li>- Lentitude na xestión dos fondos europeos.</li><li>- Deslocalización da industria manufactureira non baseada en recursos endóxenos de Galicia.</li><li>- Falta de conciliación da vida laboral e persoal.</li><li>- Distribución da riqueza non equilibrada entre as rendas de traballo ou remuneración de asalariados e o excedente de explotación, cunha tendencia desfavorable nos últimos anos.</li><li>- Desinvestimento nos Servizos Públicos, con baixa contratación no Norte de Portugal neste sector e subcontratación dos servizos con condicións inferiores de traballo e salario para as persoas traballadoras tanto en Galicia como no Norte de Portugal.</li></ul>

<p>mocidade que abandonou os seus estudos, encontrándose fora do mercado laboral.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- En Galicia peores condicións de traballo das persoas mozas que no resto das idades, tanto en salarios como na xornada, contrato, pola que buscan mellores condicións no estranxeiro ou noutras CCAA - fuga da mocidade, do talento.</li> <li>- Desmotivación das persoas desempregadas pola falta de oportunidades para emprego de calidade (seguridade e condicións salariais) para a mocidade e ineficacia das políticas públicas.</li> </ul>	
--	--

<p><b>FORTALEZAS</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Elevada formación da poboación moza en Galicia en estudos universitarios superior aos obxectivos marcados pola UE. Tamén no Norte de Portugal é elevada a formación da poboación ocupada.</li> <li>- Calidade e relevancia da rede de cursos, operadores e escolas do Alto Miño pola especialización de ofertas, algunha innovación recente na rede e coherencia con percorridos de educación superior.</li> <li>- Vantaxes en determinados sectores ou ramas de actividade como no agroalimentario, automoción e emerxen novos polos como a biotecnoloxía, o aeroespacial e futuros como o polo do hidróxeno verde.</li> <li>- O sector agroalimentario galego presenta unha gran fortaleza, sendo a primeira rama industrial en volume de emprego, afrontando as crisis económicas sen perder emprego.</li> <li>- No Norte de Portugal sector industrial con gran capacidade de xeración de emprego e riqueza.</li> <li>- No Norte de Portugal grandes posibilidades para a instalación de empresas pola rapidez dos trámites.</li> <li>- No Norte de Portugal elevado investimento en I+D</li> <li>- Fortaleza en Galicia en determinados recursos, como o forestal, recursos hídricos, recursos mineiros de gran valor.</li> <li>- Inserción laboral con taxas moi elevadas</li> </ul>	<p><b>OPORTUNIDADES</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Creación de empresas ligadas a fondos NG, fondos transición Xunta, etc.</li> <li>- Marco normativo da UE ligado á incorporación de novas tecnoloxías, transición dixital e transición ecolóxica o que vai a favorecer a incorporación de empregos neses cambios, o que supón que a poboación moza vai encontrar unha vantaxe de incorporación a esas novas necesidades.</li> <li>- Necesidade de traballadores derivadas do relevo xeracional ocasionado pola xubilación do baby boom. Escasa presenza nos dous escenarios da mocidade na maioría dos sectores e ramas de actividade, polo que ofrece información das oportunidades de incorporación nos próximos anos.</li> <li>- Cambio da normativa en España e Galicia máis favorable para a constitución de empresas. No Norte de Portugal a normativa é tanto na actualidade como no pasado máis favorable que en Galicia para a instalación de empresas.</li> <li>- Colaboración entre o sistema educativo e o sistema produtivo para adaptar a oferta a demanda de formación.</li> <li>- O desenvolvemento tecnolóxico pode permitir mellorar as condicións de traballo e aumentar os salarios.</li> </ul>
--	---

nas ensinanzas universitarias.	
--------------------------------	--

## IX. OBXECTIVOS E MEDIDAS

**Obxectivo : Incrementar a taxa de emprego de calidade da mocidade na eurorrexión**

### MEDIDAS

#### Políticas activas de emprego

- Débense realizar cambios na aplicación das políticas activas de emprego para mellorar a súa eficacia, facéndoas máis próximas á realidade xuvenil e comparándoas coas oportunidades que o mercado de traballo ofrece.
- Débense potenciar os servizos públicos de emprego, para que poidan desenvolver de maneira efectiva a orientación laboral e ser verdadeiros intermediarios de emprego.
- Débense vincular as políticas activas de emprego con outras políticas e plans encamiñados ao desenvolvemento de sectores estratéxicos que xeren emprego neto e de calidade.
- Especialización e información dunha oficina limítrofe da Eurorrexión sobre as necesidades de emprego e oferta formativa na Eurorrexión Galicia - Norte de Portugal para a mocidade que queira traballar en lugar distinto á súa rexión de orixe.
- Garantir medidas e mecanismos con maior eficacia dirixidas ao colectivo de persoas mozas que non estudian nin traballan máis desfavorecidas.

#### Medidas de transición ao mercado laboral

- Medidas que faciliten a transición escola-empresa e favorezan a transición suave dos ciclos formativos ao mercado laboral. A actuación conxunta entre os interlocutores sociais cas empresas resulta fundamental para identificar as necesidades formativas
- Fomentar que as persoas que abandonaron os estudos e están fora do mercado laboral, regresen a el, especialmente ca FP, FP dual, ofrecendo no marco da Eurorrexión Galicia - Norte de Portugal un Portal ca formación con máis inserción laboral co fin de que sexa atractiva para a volta ao mercado laboral.
- Mapa de oportunidades e necesidades de emprego, no Plan de Garantía xuvenil fai

referencia a emprego verde, pero parece máis oportuno en todas as áreas, co fin de orientar á mocidade en onde estase a xerar emprego. Elaborar un mapa de oportunidades de emprego para a mocidade na Eurorrexión.

- Fomento da iniciativa formativa dual que conectará a “Formación Profesional” cunha oportunidade laboral real e remunerada en empresas locais, con medidas de fomento da contratación específicas na Eurorrexión Galicia - Norte de Portugal, tales como o compromiso de contratación da mocidade da zona.
- Maior difusión das necesidades formativas da Eurorrexión Galicia - Norte de Portugal, co fin de que a mocidade teña unha información de calidade que permita unha adecuada elección de formación.

## **Formación**

- Maior capacidade de adaptación ao mercado de traballo da formación nas diferentes vertentes.
- Formación nas empresas e organismos, mediante contratos de formación e o contrato en prácticas, para non precarizar o emprego da mocidade.
- Fomento dos proxectos mixtos de formación e emprego
- Formación que permita a obtención de título e certificados que acrediten as capacidades e permitan desenvolver prácticas e contratos de formación.
- Impulsar acordos en materia de educación (homologación de habilitacións) na Eurorrexión Galicia - Norte de Portugal.
- Elaboración de itinerarios formativos coherentes dirixidos á mocidade
- Enfocar a formación aos novos sectores estratéxicos, novas tecnoloxías, enerxías renovables.
- Formación en competencias dixitais, en competencias brandas, traballo en equipo, liderazgo, etc.
- Prácticas curriculares en empresas, organismos, etc., establecendo un maior período de tempo e cobertura para todas as persoas tituladas tanto de formación universitaria como formación profesional, como mecanismo de inserción laboral e que ofrezca posibilidades

reais de contratación. Constituír unha rede con aquelas empresas da Eurorrexión que ofrezan prácticas interesadas na contratación posterior do alumnado.

- Formación de maior calidade dirixida a autónomos, que permita un emprendemento con maiores garantías de viabilidade, constituíndo unha oficina na Eurorrexión especializada en informar e acompañar durante os tres primeiros anos ás persoas participantes nos proxectos.
- Orientar os recursos e investimentos na educación profesional, desenvolvendo e consolidando unha rede de ofertas máis diferenciada territorialmente, máis coherente e innovadora, dado o contexto demográfico e as súas repercusións na demografía escolar, a evolución do perfil produtivo rexional, as apostas pola competitividade e cohesión.
- Información e comunicación intencional e regular entre municipios, escolas, operadores de educación-formación, alumnado, empregadores, como vectores centrais no desenvolvemento da rede.
- Maior información dirixida ao alumnado e familias e entre empregadores e escolas e entre escolas de ensino secundario e institucións de ensino superior, co coñecemento e prácticas subxacentes á orientación escolar e profesional, coa valorización social das profesións, co recoñecemento do valor das cualificacións e, en termos xerais, coa calidade da información facilitada á mocidade e as súas familias. A creación dunha visión compartida do valor propio dos percorridos de dobre certificación, das saídas profesionais e das competencias a elas asociadas, das necesidades de competencias e das oportunidades de proseguimento de estudos, parece constituír un elemento central no desenvolvemento e calidade da rede de ofertas educativas e formativas.

### **Políticas fomento e emprego**

- Débese fomentar a substitución xeracional nas empresas, facilitando a saída das persoas que estean nos últimos anos da súa vida laboral substituíndoos por persoas mozas que aprendan da experiencia dos que van substituír. Deste xeito, propónse o fomento da xubilación parcial con contrato de substitución vinculada a unha persoa nova para todos os sectores produtivos.

- Terminar coa parcialidade involuntaria que menoscaba os dereitos e salarios da mocidade, repercutindo no seu presente e no seu futuro.
- Continuar na senda de subida dos salarios iniciada como un instrumento de loita contra a discriminación, posto que os traballadores e traballadoras que sofren máis discriminación son os que reciben os salarios máis baixos.
- Revisar as axudas á contratación para aumentar a súa eficacia.
- Crear unha axuda dirixida a proxectos que teñan centros de traballo nas dúas rexións da Eurorrexión Galicia Norte de Portugal, que contraten mozos e mozas das dúas zonas.

### **Medidas contra a brecha por idade e de discriminación positiva dirixidas á mocidade**

- Establecer medidas co fin de aproximar os salarios da mocidade traballadora ao resto de persoas empregadas de máis idade.
- Establecer medidas para lograr un reparto máis equitativo das rendas do traballo da mocidade, que supoñan un aumento dos salarios.
- Establecer medidas que supoñan unha mellora da xornada laboral.
- Diminuír a precariedade laboral contractual, tanto no ámbito público como privado, garantindo de que un posto de traballo permanente se corresponda cun vínculo de traballo efectivo.
- Cumprimento das condicións de saúde e seguridade nos lugares de traballo.
- Reforzo dos servizos públicos como garantía de acceso igualitario de toda a cidadanía.
- Medidas específicas dirixidas a mocidade para a garantía do dereito á vivenda.
- Garantizar o cumprimento dos dereitos de maternidade, paternidade e traballador estudante.
- As políticas deben ter perspectiva desde o punto de vista da mocidade. Defender que se estableza unha cota de representación da mocidade nas institucións e organismos mínima, acorde coa porcentaxe que representa na poboación.

## Ámbito Normativo

- Regulación máis restritiva para a posta ao dispor de persoas traballadoras a través das empresas multiservizo, subcontratas, etc. para a externalización da contratación laboral, que empregan a un alto número de persoas traballadoras novas e esixir sexan de aplicación os convenios de sector, garantindo que por un mesmo posto de traballo téñanse as mesmas condicións laborais que calquera outro traballador do sector ou do centro de traballo.
- Medidas de eliminación de barreiras legais e administrativas e costes no contexto transfronteirizo
- Impulsar acordos en materia de mobilidade (autorización de cruzamento da fronteira por parte do transporte colectivo e das crianzas)

## Ámbito Investigación

- Medidas transversais dirixidas a todos os axentes, empresas, universidades e administración, co fin de incrementar o investimento dirixido a I+D no caso de Galicia, xa que se trata dun factor clave de competitividade e atracción de empresas e talento da mocidade, e mantemento do investimento no caso do Norte de Portugal.
- Impulso dos proxectos de colaboración entre as dúas rexións.
- Fortalecer as estruturas de investigación de tres sectores industriais clave para a Eurorrexión: os relacionados ca biotecnoloxía aplicados ao sector primario (agroalimentario, forestal, pesca, acuicultura, produción de enerxía) e a saúde, os relacionados ca industria 4.0 (robótica, dixitalización, intelixencia artificial, internet das cousas, nanotecnoloxía, tecnoloxía cuántica) e os relacionados ca economía circular. Estimulando sempre a colaboración entre institucións e organismos de investigación

## Ámbito Financeiro

- Aproveitar os fondos da Unión Europea, aos que se engaden os Fondos Next Generation para mellorar a situación deste colectivo. Amplas vías abren un abano de posibilidades de

entrada a mocidade traballadora, polo que é preciso o fomento por parte das políticas públicas na contratación da mocidade, na implantación de proxectos empresariais e nos novos procesos produtivos ligados a novas enerxías, economía circular, etc.

### **Medidas sector primario**

- Campaña de imaxe positiva con maior valoración sobre as profesións ligadas a agricultura gandería e pesca.
- Visitas de escolares a granxas avanzadas dende o punto de vista tecnolóxico, que utilicen drons para control de pragas, control remoto de rego, etc. para dar unha imaxe diferente a que se percibe actualmente do sector.
- Facilitar o acceso á vivenda nas zonas rurais dirixida aos xóvenes
- Fomentar os postos de traballo asalariados e autónomos nas zonas rurais da Eurorrexión Galicia Norte de Portugal.
- Fomento da produción de proximidade Km 0
- Xerar mecanismos facilitadores de uso de terras abandonadas para xerar economías de escala nas explotacións agropecuarias

### **Medidas sector industrial**

- Elaborar un mapa da industria da Eurorrexión identificando as oportunidades de emprego para a mocidade da Eurorrexión.
- Medidas de relevo xeracional no sector industrial na Eurorrexión Galicia - Norte de Portugal, con especial incidencia en profesións máis ofertadas pola industria.
- Impulsar proxectos na Eurorrexión que opten aos fondos europeos.
- Impulsar proxectos conxuntos industriais ou de colaboración entre ambas rexións, que completen ciclos produtivos, aproveitamento das sinerxías do tecido industrial.
- Facilitar a fixación da poboación a través da promoción do emprego industrial
- Promover a formación e capacitación laboral transfronteiriza con homologacións en ambos países.
- Axilizar os procesos de apertura de concesións de licencias industriais nos concellos galegos



- Disponibilidade, con suficiencia de oferta e prezo competitivo, de solo industrial nas zonas de maior demanda por parte da industria en Galicia.

### **Medidas turismo**

- Posta en marcha dun programa para o emprego xuvenil no marco do turismo rural, conxuntamente cas asociacións locais de empresas de turismo rural. Incluíndose accións de formación e prácticas relacionadas co uso das TIC, marketing dixital, hostalería e gastronomía, asociacionismo, agricultura e gandería ecolóxica, granxas escola
- Impulso de proxectos de turismo na Eurorrexión con socios xóvenes de ambas rexións. Fomento de turismo desestacionalizado na Eurorrexión.

### **Medidas mobilidade sustentable**

- Fórmulas de mobilidade local transfronteiriza
- Ligazón externa para reforzo da competitividade económica
- Dotar de transporte público tranfronteirizo para favorecer a mobilidade

### **Medidas fiscais ou outras de apoio á mocidade da Eurorrexión**

- Desgravación IRPF para a xuventude que se asente no rural, no sector pesqueiro, e noutras profesións de difícil cobertura na Eurorrexión.
- Desgravación fiscal vantaxosa para xuventude que emprenda na Eurorrexión.
- Axuda para gastos de aluguer e manutención aos xóvenes da Eurorrexión polo desprazamento para traballar a outra localidade dentro da Eurorrexión.
- Premios a proxectos emprendedores de xóvenes que creen unha empresa con actividade radicada ou dirixida as dúas zonas da Eurorrexión, ou integrada por xóvenes do Norte de Portugal e de Galicia.
- Fomento do coñecemento e a sensibilización de experiencias de economía social agricultura e gandería ecolóxica, turismo rural, economía circular, industria e artesanía locais, servizos de proximidade.
- Financiar espazos físicos e programas de apoio ao emprendemento en cooperación cas

entidades locais

- Reforzar políticas rexionais, sociais, culturais, habitacionais, transportes e mobilidade e económicas que favorezan a atracción, mobilización e fixación de cualificacións e competencias na rexión.